

ACTA 1/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 4 DE XANEIRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas do día 4 de xaneiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero

D.^a María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil

D.^a M^a Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.^a Uxía Lemus de la Iglesias

Secretaria: D.^a María Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21/12/2020.**
- 2.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 3.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
- 4.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21/12/2020.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21 de decembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

2.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. ANTONIO FIGUEROA LORENZANA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 21 de decembro de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 12/11/2020 por D. ANTONIO FIGUEROA LORENZANA, de devolución da garantía para canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Seoane, s/n , Recesende.

Visto o informe do técnico municipal, de data 03/12/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 21/12/2020, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D. Antonio Figueroa Lorenzana para obra de canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Seoane s/n Recesende , por importe de **200,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D. Antonio Figueroa Lorenzana para obra de canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Seoane s/n Recesende , por importe de 200,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

2.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D^a. BALBINA GONZÁLEZ MORCILLO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 21 de decembro de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 17/11/2020 por D^a. Balbina González Morcillo, de devolución da garantía para canalización soterrada de auga potable baixo estrada entre As Cruces e O Sisto, Cacheiras

Visto o informe do técnico municipal, de data 03/12/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 21/12/2020, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D^a. Balbina González Morcillo para obra de canalización soterrada de auga potable baixo estrada entre As Cruces e O Sisto, Cacheiras , por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D^a. Balbina González Morcillo para obra de canalización soterrada de auga potable baixo estrada entre As Cruces e O Sisto, Cacheiras , por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria acctal.

Rafael C. Sisto Edreira

M^a Elena Sueiro Fernández